# FICHA RESUMO

| | | |
|---|---|---|
| **Ano** | 2010 | **PE403A 2009/20-1** |
| **Entidade** | CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMARIÑAS | |
| **Plan explotación**(1) | MOLUSCOS BIVALVOS | |
| **Réxime** (2) | AUTORIZACIÓN | |
| **Modalidade** (3) | A PÉ E EMBARCACIÓN | |

| | |
|---|---|
| **Especies** | Ameixa fina (*Ruditapes decussatus*), Ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*), Ameixa babosa (*Venerupis pullastra*), Berberecho (*Cerastoderma edule*), longueirón (*Ensis siliqua*) e longueirón vello (*Solen marginatus*) |
| **Ambito do plan** | De punta Lago ata punta da Roda; de punta Sandía ata punta da Roda; de punta Sandía ata punta Insuela; enseada de A Vasa |
| **Subzonas de explotación** | De punta Lago ata punta da Roda; De punta Sandía ata punta da Roda (praia do Ariño; Paxariña; punta Gallego- fondeadero do Pozo; canle río da Ponte); De punta Sandía ata punta Insuela (Area da Vila; Lingunde); enseada da Vasa |

| **Participantes no plan de explotación** | | |
|---|---|---|
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| **Mariscadoras/es a pé** | **Embarcacións** | **Tripulantes** |
| 62+21 pendentes | 25 | 59 |
| **Ampliación do número de permex** (4) | **Non** | |
| **Mariscadoras/es a pé** | **Embarcacións** | **Tripulantes/Habilitacións** |
| - | - | - |

| **Calendario de explotación** | |
|---|---|
| **Días máximos de extracción** | 192 (ver consideracións, respecto ao período de extracción de solénidos) |

**Época y zona probable de extracción** (5)

**Modalidade**(3): a pé

| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |

**Época y zona probable de extracción** (5)

**Modalidade**(3): embarcación

| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |

**Topes de captura**(6)

| **Especies** | **A pé (Mariscadora/día)** | **Embarcación** | **Tripulante enrolado e a bordo/ día** |
|---|---|---|---|
| Ameixa fina | 3 kg | - | 3 kg |
| Ameixa xaponesa | 10 kg | - | 10 kg |
| Ameixa babosa | 6 kg | - | 6 kg |
| Berberecho | 15 kg | - | 15 kg |
| Longueirón<br>Longueirón vello | 12 kg | - | - |

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



| | |
|---|---|
| **Artes a empregar** | A Pé: rastrillo, sacho. Sal para os solénidos<br>Embarcación: rastro de vara larga |

| | |
|---|---|
| **Puntos de control** | Ariño ( c-1); punta Fraga do Medio (c-2); ponte de Arroyo-Trasteiro (c-3); A Paxariña (c-4); Campo da Poza (c-5); Area da Vila (c-6);Lingunde (c-7) |
| **Puntos de venda** | Lonxa de Camariñas |

| **Accións a realizar** [7] Estas accións levaranse a cabo moitas veces os sábados días en que todos os membros da agrupación están libres. Serán obrigatorias tanto para os mariscadores de a pé como de a flote. Comunicarase con antelación de dous días no taboleiro da Confraría | **Épocas probables** [8] | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rexeneración zonas improdutivas:** Roturado de substrato ao mesmo tempo que se fan os traslados. Será realizado por un tractor contratado para este fin. | | | | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | | | | |
| Zonas: Ensenada de A Vasa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Extracción semente para resembra** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Sementeiras:** Non se coñecen as datas das sementeiras, xa que faranse con ameixa procedente do minicriadoiro e non se coñece as fases de engorde nin previsións de entrega desta entidade. Normalmente avísase cun día de antelación á Confraría que no mesmo momento o comunica á Consellería do Mar. | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: Ensenada de A Vasa e Río da Ponte | | | | | | | | | | | | |
| Especies: Ameixa babosa, ameixa xaponesa e ameixa fina | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Traslados** | | | | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | | | | |
| Zonas: Dende Area da Vila ata Enseada de A Vasa e Río da Ponte | | | | | | | | | | | | |
| Especies: Ameixa fina e ameixa xaponesa para Río da Ponte e Enseada de A Vasa; Ameixa babosa para Río da Ponte | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rareos** | | | | | **X** | | | | | | | |
| Zonas: Dende Praia do Ariño ata A Paxariña (dentro da Autorización de Punta Sandía ata Punta da Roda) | | | | | | | | | | | | |
| Especies:Ameixa xaponesa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Limpeza de algas** | | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | | | | |
| Zonas: Río da Ponte | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Arados:** faranse ao mesmo tempo que os traslados e sementeiras (non se coñecen datas) | | | | X | X | X | X | X | | | | |
| Zonas: Ensenada de A Vasa | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | |

**Outras consideracións** (9)

**Especies:** As dúas especies de solénidos (longueirón e longueirón vello) inclúense neste plan de explotación que ata o de agora viñan sendo explotadas ao abeiro dun plan específico de explotación. O carácter residual da súa explotación e o feito de que estea presente, como especie autorizada, nas zonas explotadas en réxime de autorización administrativa deste plan de explotación marisqueira xustifican a súa inclusión. A inclusión destas especies facilitará a súa explotación e suporá, previsiblemente, un incremento do rendemento económico do traballo dos mariscadores.

**Participantes:** Unha vez se resolva o proceso de ampliación de permex a pé aprobado para o ano 2009, incorporaranse 21 novos mariscadores a este plan de explotación.

No listado de embarcacións anexo ao plan inclúen a embarcaci……………, que foi despezada para a nova construción ……………, pola que debe ser substituída.

**Días máximos de extracción:** Fíxase un máximo de 192 días de extracción ao ano para as dúas modalidades de marisqueo.

**Épocas probables de extracción:** A época de extracción de longueirón limítase aos meses de xaneiro a setembro.

**Cotas máximas de captura:** As cotas máximas de captura para a modalidade de embarcación quedan fixadas por tripulante enrolado e a bordo.

Respecto disto, establécense mecanismos no plan para a regulación do número de tripulantes nas embarcacións, tanto para o incremento como para a perda de cupos non utilizados. Recoméndase un asesoramento previo á aplicación destas normas para asegurar que se axustan á legalidade.

A cota máxima de captura é de 12 kg/mariscadora/día para o conxunto das dúas especies. Non se inclúe como especie autorizada para o marisqueo dende embarcación, xa que tradicionalmente sempre foi un especie autorizada para o marisqueo a pé, a través dos plans de explotación específicos para longueirón aprobados ata o ano 2009.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Artes:** O rastro de vara curta ou gancha a pé non é unha arte autorizada polo Decreto 424/1993,

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



do 17 de decembro, polo que para o seu uso requirirase da aprobación dun plan experimental.

**Actividades de semicultivo:** A realización dos traballos de acondicionamentos, limpezas, traslados, sementeiras... previstos neste plan, serán obrigatorios para tódolos membros da agrupación de mariscadores, e computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex de a pé.

Aconséllase ampliar a época prevista neste plan para a limpeza de algas aos meses de primavera e verano por ser nestes nos que se produce un maior acúmulo.

A realización de limpezas en **fins de semana** non poderá ser realizada empregando as embarcacións do plan de explotación ou outras embarcacións de pesca, dado que debe respectarse o descanso semanal establecido no Decreto 419/1993, de 17 de decembro. Polo tanto, os traballos de semicultivo polas embarcacións do plan, só poderán realizarse de luns a venres.

Lémbrase que a captura e venda de máis cantidade de marisco que a permitida está tipificada como infracción grave na Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia, polo que os excedentes deben ser devoltos ao mar.

Deberán **achegar** a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do acordo de aprobación do plan por parte da agrupación sectorial de marisqueo.
- Documentación acreditativa da aprobación polos órganos de goberno da confraría.
- Descrición do modo de organización dos puntos de control e das persoas responsables dos mesmos.
- Coordenadas cartográficas dos puntos de control, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.